

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN: 2º BACHARELATO

ELEMENTOS A AVALIAR	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS	PESO NA NOTA DA AVALIACIÓN
1. <b>Comprensión escrita (Reading), Producción escrita (Writing) e Pronunciación</b>	Probas escritas. Rúbrica para a produción escrita e rexistro cualitativo das probas.	45%
2. <b>Comprensión oral (Listening)</b>	Probas escritas con distinta tipoloxía de exercicios: <i>multiple choice, fill in the gaps, True/False, matching ...</i>	5%
3. <b>Use of English</b>	Exercicios específicos de gramática e vocabulario nas probas escritas. Rexistro cualitativo das probas.	45%
4. Actitude positiva e pro-activa cara a aprendizaxe e mellora continuada da súa competencia lingüística por medio dun traballo continuado e metódico.	Rexistro cualitativo e/ou cuantitativo por medio dunha táboa de indicadores de traballos asignados tanto en formato analóxico como online, actitude proactiva na clase, incorporación dos novos contidos gramaticais, sintácticos e léxicos nas producións orais que se fan na clase, traballos voluntarios para profundizar sobre algunha temática ...	5%

O alumnado superará a materia en cada unha das avaliacións cando acade como mínimo **5** puntos sobre 10, obtidos da media das partes a avaliar seguindo a ponderación indicada na táboa máis arriba, sempre e cando o alumnado non se negue sistematicamente a traballar algunha das actividades comunicativas avaliadas (*reading, listening ou writing*), deixando as probas en branco.

A media entre as partes só se realizará se o alumno ou alumna acada como mínimo un **4** nas partes 1 e 3 da táboa. É dicir, se nunha das dúas partes a nota é inferior a 4 puntos, o alumno/a non supera a materia aínda que a nota da outra parte sexa superior a 6 puntos.

O alumnado que non supere a 1ª e/ou a 2ª avaliación deberá superar a avaliación final de maio/xuño, segundo as datas fixadas pola Consellería para a realización da ABAU.

Para a nota final, a profesora terá en conta, non só os resultados acadados nas distintas avaliacións, senón tamén a constancia no traballo e o progreso baseado no esforzo continuo ó longo do curso. Todas as cualificacións se redondearan a partires de **0,75**.

Debido á grande variedade de elementos a avaliar, só se realizará **un exame por avaliación**.